



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de O Pino para recordarlle que tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función

Expediente: N.9.Q/306/20

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por D. [REDACTED] referido á falta de acceso á información e documentación do Concello ao [REDACTED].

#### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.**- Con data 4 de febreiro de 2020, D. [REDACTED], presenta escrito de queixa ante o Valedor do Pobo, no que expón:

*“Primeiro: que [REDACTED] ten solicitado no presente mandato 2019-2020 a través de rexistro as; actas das Xuntas de Goberno Local; actas das Sesións Plenarias, e varios expedientes. Sen ter recibido nunca resposta a tales solicitudes.*

*Segundo: que o Concello de O Pino está a incumprir a Lei de Bases de Réxime Local, e, tamén, o Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, en relación ao dereito de información de todos os concelleiros/as da Corporación do Pino.*

*Terceiro: que o Concello de O Pino está a incumprir co portal da transparencia na súa páxina web. Obriga que teñen todas as Administracións públicas.*

Cuarto: que [REDACTED] ten coñecemento, a través de información facilitada por varios veciños/as, de que existen máis queixas neste mesmo senso ante a Valedora do Pobo.

En base a todo isto SOLICITA:

*Primeiro: que tendo por presentado en tempo e forma o presente escrito, ser sirva admitilo, e tras os previos trámites se solicite requirimento ao Concello de O Pino para que cumpra coa distinta normativa. Indicando que ten a obriga de informar a todos os concelleiros/as, e, tamén, ao resto da veciñanza.*

*Segundo: No caso de que o Concello do PINO non atenda ós distintos requirimentos da Valedora do Pobo sexa declarado hostil”.*

**SEGUNDO.**- Ante iso requirimos información a ese concello que foi recibida nesta institución en data 21 de xullo de 2020 e na que se fai constar unha relación de actas atrasadas que foron remitidas , entre outros, a don [REDACTED] quen, en data 22 de xullo de 2020, confirmou a recepción dun total de 21 actas de Xuntas de Goberno Local ( Actas coa seguinte relación de datas: 14.12.2018, 09.01.2019,29.01.2019, 12.02.2019, 22.02.2019, 04.04.2019, 02.05.2019, 07.05.2019, 21.05.2019, 24.07.2019, 20.08.2019,17.09.2019, 09.10.2019, 22.10.2019, 06.11.2019, 20.11.2019, 18.12.2019, 04.02.2020, 19.02.2020, 05.03.2020,09.06.2020) e 11 actas de Plenos ordinarios e extraordinarios do presente mandato.

**TERCEIRO.**- Nembargantes, con data 22 de outubro de 2020, o Sr. [REDACTED] pon de manifesto que “ o Concello de O Pino continúa sin remitir ao [REDACTED] os expedientes administrativos solicitados por rexistro antes de efectuar a queixa ante a Valedora do Pobo ao igual que os solicitados a posteriori, é dicir o Concello de O Pino segue a incumprir a Lei de Bases de Réxime Local, e, tamén o Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, en relación ao dereito de información que posúen os concelleiros/as da Corporación do Pino”. Neste mesmo escrito solicita que “ tras os previos trámites, se remitan novos requerimentos ao Concello de O Pino para que cumpra coa distinta normativa, lembrándolle novamente que ten a obriga de facilitar a todos os membros da corporación os expedientes que se solicitan”.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración e no escrito presentado por don [REDACTED] , cómpre facer as seguintes

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.**- O artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora da Bases do Réxime Local establece que:

*“Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

*A solicitude de exercizo do dereito recollido no parágrafo anterior haberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se houbera presentado”.*

**SEGUNDA.**- O artigo 14 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que:

*“1. Todos os membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

*2. A petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que o Presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio no prazo de cinco días, a contar dende a data de solicitude.*

*3. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa haberá de facerse a través de resolución ou acordo motivado”.*

**TERCEIRA.**- Neste senso debemos distinguir entre a petición de acceso á información e a formalización do acceso, é dicir, a posta a disposición da información solicitada.

A normativa referida no apartado anterior ( LBRL e ROF) só contempla e regula a petición ou solicitude de información pero non a súa posta a disposición.

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno na Disposición Adicional 1ª establece que:

*“ Rexiranse pola súa normativa específica, e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información”.*

Dado que, como xa quedou exposto, a LBRL non regula a posta a disposición da información solicitada polos concelleiros dunha corporación local senón só á solicitude da

correspondente información, entendemos que procede a aplicación supletoria da Lei 13/2013, que neste senso recolle no artigo 22 *“que cando non poda darse o aceso no momento da notificación da resolución deberá otorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días”*. O que supón que estimada a solicitude de información, esta deberá ser facilitada ao solicitante , na medida en que sexa posible, no momento da notificación da resolución da solicitude ou, si non fora factible, nun prazo non superior a dez días.

**CUARTA-** Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á lei e ao Dereito.

**QUINTA-** Recordámoslle que aínda tendo en conta as dificultades técnicas e prácticas ás que poida enfrontarse unha administración local para facer fronte ao exercicio das súas competencias, iso non pode ser óbice para a inobservancia das normas básicas que o rexen.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de O pino o seguinte :

#### **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**

*“Tódolos membros das Corporacións Locais teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

*A solicitude de exercizo do dereito recollido no parágrafo anterior deberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se houbera presentado.*

*Cando non poda facilitarse a información no momento da notificación da resolución de solicitude da mesma, deberá facilitarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días”*.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación o principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
( Asinado dixitalmente)